



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

www.carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA 46/2017

Asunto: Convocatoria
ÓRGANO COLEXIADO: Pleno
Nº SESIÓN: 2/2017
CARÁCTER : Extraordinaria (mércores 22 de febreiro de 2017 ás 12:00 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e logo de ver a necesidade de adoptar os acordos que se propoñen á maior brevidade posible ou dentro dos prazos esixidos no correspondente expediente, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno, **convoco sesión extraordinaria do Pleno para o mércores 22 de febreiro de 2017, ás 12:00 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) **no Salón de sesións da Casa do Concello** coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior (sesión 1/2017, ordinaria, do 26 de xaneiro de 2017)
- 2.- Proposta de adhesión íntegra ao convenio suscrito en abril de 2003 entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministración de información de carácter tributario.
- 3.- Proposta de adhesión ao convenio suscrito o 11 de novembro de 2016 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación da historia social única electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 4.- Proposta de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", da Deputación Provincial da Coruña.

Notifíquese a presente resolución aos/ás Sres/as. Concelleiros/as membros do órgano convocado , advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as Sres/as. Concelleiros/as a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, 17 de febreiro de 2017

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourina

Visto o decreto,
O SECRETARIO

Diego García Doval